

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 20 DE XULLO DE 2015.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**


D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.


**1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 28 DE DATA 13 DE XULLO DE 2015.**

Acordouse aprobar a acta núm. 28/2015 de 13 de xullo de 2015, da sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZAS DE OBRAS.**

**2.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA** para reparación dun muro de contención e peche na finca con referencia catastral 3537102NH6333N, sita en Porto do Carrio, Losón, Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de





Lalínmcero



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

data 18/06/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 30,90 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

**2.2.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA para reforma de vivenda unifamiliar na rúa Corredoira, 45 – Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 23/06/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 310,99 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

### **3.- INFORMES PREVIOS.**

**3.1.-** Acordouse **aprobar o informe emitido polo** enxeñeiro técnico municipal, de data 22 de xuño de 2015, segundo a petición formulada por AUGAS DE GALICIA, a instancias de Ecocelta Biogestión, S.L. na que solicita informe preceptivo previo para a autorización dunha planta de bioxestión sostible na zona de policía do río Saldoiro, no lugar de Castro, Castro de Cabras, Lalín.

**3.2.-** Acordouse aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal, data 26 de xuño de 2015, segundo petición formulada por **Augas de Galicia** a instancias de **Comunidade de Regadores de Fonte Seca e Casi Fonte**, na que solicita informe preceptivo previo para a concesión dun caudal de auga procedente de dous mananciais situados no lugar de Bermés.


### **4.- INFORMES URBANÍSTICOS.**

**4.1.-** Acordouse **aprobar o informe** emitido ao efecto polo enxeñeiro técnico de obras públicas municipal, de data 30 de xuño de 2015, sobre información urbanística relativa á titularidade dun camiño en Carrofeito, Lebozán, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística por importe de 100 euros.

Consta no expediente o ingreso realizado o día 14/07/2015 na Tesourería municipal polo concepto e importe detallado no parágrafo anterior.

### **5.- LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.**

**5.1.-** Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** para celebrar unha *sesión vermú e verbena popular* no campo da festa de Sello os días 24, 25 e 26 de xullo de



Secretaría Xeral  
2015.

**5.2.-** Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** para a celebración de cea popular e verbena na Carballeira de Donramiro o día 29 de xullo de 2015.

## **6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**6.1.-** Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “**SERVIZO DE LIMPEZA DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE LALÍN**” (CSE08015), dividido en tres lotes: **Lote núm. 1: CEIP Zona rural; Lote núm. 2: CEIP Zona urbana; Lote núm. 3: Escolas infantís**, mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, cos seguintes orzamentos máximo de licitación para cada lote:

**Lote núm. 1: CEIP Zona rural:** 34.009,01 €, máis a partida de 7.141,89 € correspondente ao IVE (total 41.150,90 €/curso escolar, IVE incluído).

**Lote núm. 2: CEIP Zona urbana:** 27.768,60 €, máis a partida de 5.831,40 € correspondente ao IVE (total 33.600 €/curso escolar, IVE incluído).

**Lote núm. 3: Escolas infantís:** 18.985,19 €, máis a partida de 3.986,89 € correspondente ao IVE (total 22.972,08 €/anuais, IVE incluído).

## **7.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.**

**7.1.-** Acordouse a **devolución e cancelación do aval** presentado por CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. como garantía para responder da obra “*Anticipo de abono a conta por acopio de materiais para a obra REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE LALÍN*”, depositado na Tesourería Municipal polo importe de **35.000 euros**.

## **8.- FACTURAS E CONTAS.**

Acordouse aprobar e declarar de abono facturas comprendidas en tres relacións polos importes totais de **477,95, 14.718,63 e 75.274,75 euros** respectivamente.

## **9.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**9.1.-** Acordouse solicitar á Consellería de Traballo e Benestar unha subvención para o programa dirixido á inclusión social a favor da poboación inmigrante por importe de 22.145,09 €.



**9.2.-** Acordouse **aprobar o informe técnico de avaliación** en relación á aplicación do artigo 5 da Ordenanza reguladora taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos.

**9.3.-** Acordouse **contratar coa empresa Centro de Orientación de Estudos Comerciales, S.L (COESCO), o desenvolvemento das dúas primeiras quendas do campamento “Escola de Verán”**, segundo as bases elaboradas pola Concellería de Benestar e o presuposto remitido con suxeición ó réxime dos contratos menores de servizos e autorizar e comprometer un gasto por importe de 10.780 euros (IVE incluído), 5.390 euros por quenda, para atender o antedito contrato menor de servizos con cargo á aplicación orzamentaria 231.22609 do orzamento municipal vixente.

**9.4.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.193,19 euros (IVE incluído), con destino á **realización da reparación e mantemento da cabina EMC2 CLARIION AX4-5i do Centro de Procesamento de Datos do Concello de Lalín e contratar coa empresa Osiatis, S.A.** a realización do citado servizo.

**9.5.-** Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe de 150 €.

**9.6.-** Acordouse a contratación de 6 operarios para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa.

**9.7.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 10.103,50 euros, con destino á contratación dos servizos de redacción do proxecto da obra **“CONSTRUCCIÓN DUN APARCADOIRO E A SÚA INTEGRACIÓN PAIXASÍSTICA NO CONTORNO DO PAZO DE LIÑARES”** a desenvolver polo Obradoiro de Emprego “Pazo de Liñares”, dirección de obra facultativa deste proxecto e servizo de coordinación de seguridade e saúde para os traballos contemplados no proxecto, a executar polo Obradoiro de Emprego, e contratar con Martín Toimil Mato a realización dos citados servizo con suxeición ao réxime dos contratos menores de servizos.

## **10.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**10.1.-** Dáse conta do escrito remitido pola **Xefatura Provincial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, co que achegan copia da **Resolución** de data 25 de xuño de 2015 de remate do proxecto de control arqueolóxico para os traballos de



Secretaría Xeral  
mantemento e limpeza de devesas nos Concellos de Forcarei, Cerdedo, Dozón e Lalín.

**10.2.- Acordouse conceder** autorización municipal para unha acampada duns 20  
nenos na Praia de Vilatuxe, os días 31 de xullo de 2015 e 1 e 2 de agosto de 2015.

=====

L

K

M

N